




II Plan de IGUAL DADE

Concellería de Servizos
Sociais e Igualdade



Concello de
Oleiros



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero



Concello de
Oleiros

II Plan de IGUALDADE

ÍNDICE




■ Saúda do Alcalde	3
■ Presentación	5
■ Obxectivos xerais	6
■ Principios reitores	7
■ Metodoloxía	8
■ Diagnose	9
■ Liñas estratéxicas e medidas do II PLAN DE IGUALDADE do Concello de Oleiros	16
▶ LIÑA ESTRATÉXICA 1	17
▶ LIÑA ESTRATÉXICA 2	23
▶ LIÑA ESTRATÉXICA 3	34
▶ LIÑA ESTRATÉXICA 4	40
■ Seguimento e avaliación	48
■ Agradecementos	51

Edita: Concello de Oleiros

Autoría: Equipo técnico do
Departamento de Servizos Sociais e
Igualdade do Concello de Oleiros

Colabora: Empresa Deloga
(Desenvolvemento Local Galego SL)



II Plan de IGUALDADE Saúda do Alcalde

Hai xa 10 anos que naceu o I Plan de Igualdade de Oleiros, mais con anterioridade, a igualdade entre mulleres e homes foi un principio fundamental que alentou a nosa política municipal.

Ao longo deste percorrido foi moito o traballo desenvolvido e os avances acadados, mais a loita pola non discriminación e a igualdade de trato entre mulleres e homes segue a ser necesaria. Precisamente, este II Plan de Igualdade xorde da necesidade de afondar no compromiso coas políticas de igualdade no Concello de Oleiros, así como poñer en marcha novas actuacións dirixidas a superar as desigualdades e as discriminacións por razón de sexo, identidade ou expresión de xénero.

No noso Concello, en particular a Concellería de Servizos Sociais e Igualdade que é a impulsora deste II Plan de Igualdade 2021-2024, apostamos por combater con políticas públicas planificadas e transversais, os atrancos que impiden acadar a igualdade entre mulleres e homes e traballar por unha sociedade máis xusta, sen

discriminación, solidaria e libre de violencia de xénero en todas as súas manifestacións.

Queremos agradecer a implicación de todas as persoas que participaron coas súas achegas e contribuíron a facer realidade este II Plan de Igualdade. Foron meses de traballo atravesados pola pandemia e polas excepciónais circunstancias que nos tocou vivir. Malia todo, o presente documento desenvolveuse a través dun proceso participativo no que se traballou co tecido asociativo, as escolas infantís, o profesorado de ensino, as asociacións de nais e pais..., e o propio persoal técnico e político do Concello.

Conscientes do traballo que aínda queda por facer, é vontade deste concello integrar a igualdade de oportunidades en cada unha das súas áreas de competencia. Estamos ante un reto que precisa do compromiso de todas e todos, da participación constante e da cooperación da veciñanza, pois só así construiremos un pobo máis xusto, máis igualitario e, en definitiva, un Oleiros máis feliz.

II Plan de IGUALDADE

PRESENTACIÓN



O II Plan de Igualdade xorde da necesidade de afondar no compromiso coas políticas de igualdade no Concello de Oleiros, así como poñer en marcha novas actuacións dirixidas a superar as desigualdades e as discriminacións por razón de sexo, identidade ou expresión de xénero.

Mostra do compromiso do Concello coas políticas de igualdade son os programas que se desenvolven desde distintas áreas, como os programas socio-educativos nos centros de ensino públicos de Oleiros, as campañas de sensibilización e prevención das violencias de xénero e outras violencias, os programas para o empoderamento da muller e outras campañas de divulgación cultural nas que se integra unha perspectiva transversal de xénero e que se poñen a disposición da cidadanía.

O proxecto desenvolveuse a través dun proceso participativo no que se traballou, entre outros axentes chave, co tecido asociativo, coas escolas infantís e as ANPA, cos partidos políticos e co propio persoal técnico e político do Concello. Este proceso foi fundamental para o deseño deste II Plan de Igualdade, recolléndose visións e suxestións para desenvolver a diagnose sobre

a situación da igualdade de xénero no concello e formulando propostas de actuación para o deseño do Plan.

De forma xeral, o II Plan de Igualdade pretende consolidar a transversalidade de xénero nas políticas públicas do Concello de Oleiros impulsando a incorporación do principio de igualdade en todos os ámbitos e actuacións desta administración.

Este II Plan de Igualdade, incorporan medidas específicas para afrontar un cambio de valores que permitan avanzar cara a unha sociedade máis igualitaria. Tamén está moi presente neste Plan o enfoque interseccional, atendendo aos diferentes factores de discriminación que poden darse non só por motivos de xénero, senón tamén por etnia, raza, diversidade funcional, orientación ou identidade ou expresión de xénero, entre outras.

A igualdade é un dereito fundamental recoñecido a través de instrumentos xurídicos desenvolvidos a nivel internacional, nacional, autonómico e local, que obrigan ás administracións a traballar na eliminación das barreiras e discriminacións que dificultan acadar de xeito efectivo a dita igualdade entre mulleres e homes.

II Plan de IGUALDADE



▼ Obxectivos

Finalidades que pretende acadar este II Plan de Igualdade

- Acadar unha administración municipal igualitaria que incorpore a perspectiva de xénero en todas as políticas municipais.
- Concienciar e sensibilizar a veciñanza da existencia de desigualdades que deben combaterse.
- Promover a participación das mulleres e das nenas na vida política, social, educativa e económica.
- Combater a violencia de xénero e previr as súas manifestacións en todas as súas formas, e ofrecer unha atención integral ás mulleres vítimas e ás súas familias.
- Impulsar cambios culturais, educativos e sociais que fomenten e consoliden a eliminación dos roles e estereotipos de xénero.



II Plan de IGUALDADE



▼ Principios reitores

Principios que inspiran a elaboración deste II Plan de Igualdade

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO

Integración da perspectiva de xénero en todas as políticas e actuacións das distintas áreas e servizos municipais.

PARTICIPACIÓN

Xeración de espazos e canais cos que propiciar as achegas do maior número de axentes chave do territorio no deseño e posterior implementación e avaliación das medidas do Plan.

INTERSECCIONALIDADE

Consideración da intersección do xénero con outras desigualdades que poden dar lugar a situacións de discriminación múltiple.

EMPODERAMENTO DAS MULLERES

Dado que as mulleres representan máis do 50% da poboación, búscase favorecer a súa posición persoal e colectiva no conxunto das políticas municipais.

COORDINACIÓN

Colaboración cos diferentes departamentos municipais, buscando que as intervencións e as políticas sexan eficaces e acordes cunha utilización racional dos recursos municipais.


II Plan de IGUALDADE



Metodoloxía

Un proceso participativo e de diagnose

A elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros desenvolveuse nunha secuencia de fases, nas que se empregaron diferentes ferramentas metodolóxicas e técnicas de participación. Estas aplicáronse co obxectivo de identificar as desigualdades de xénero presentes no Concello, analizar a situación das políticas de igualdade e recoller propostas concretas para o deseño do Plan. A continuación recóllese, a modo de síntese, un esquema xeral:



II Plan de IGUALDADE



Diagnose

Aproximación ás necesidades detectadas

Como paso previo á **definición do marco estratéxico de actuación das políticas de igualdade de xénero do Concello Oleiros**, realizouse unha diagnose para coñecer en maior detalle a realidade sobre a que se vai intervir. Coa información da diagnose, compilada desde unha perspectiva de xénero, buscouse:

- Analizar o contexto social actual, comparándoo coa realidade no momento da realización do anterior Plan, así como os resultados e avances acadados tras a súa implementación.
- Identificar desigualdades entre mulleres e homes e obstáculos que limiten o avance real e efectivo en materia de igualdade, para posteriormente definir opcións de intervención que permitan superalos e mellorar a situación das mulleres e homes do concello.
- Identificar os elementos facilitadores e os posibles obstáculos para a integración da transversalidade de xénero nas políticas públicas do Concello, e establecer as oportunidades de intervención.
- Elaborar unha ferramenta na que apoiarse no proceso participativo para traballar e definir as accións concretas do **Marco Estratéxico** para a mellora da situación de mulleres e homes no concello.

Ámbitos de análise:

- Demografía
- Mercado laboral
- Educación, ensinanza e formación
- Saúde e benestar
- Violencia de xénero
- Participación social

II Plan de IGUALDADE

Diagnose | Aproximación ás necesidades detectadas



A continuación recóllense as principais conclusións extraídas da diagnose de cada un destes ámbitos analizados, na meirande parte deles realizando unha comparativa entre 2010 e 2018.

• Demografía

- Nos últimos 10 anos produciuse un **incremento da poboación**, o que se debe principalmente ao saldo migratorio, é dicir, ao maior número de movementos inmigratorios que emigratorios.
- Do ano 2010 ao 2018 **aumentou a idade media da poboación**, e os índices de envellecemento e sobreenvellecemento sinalan o envellecemento poboacional, amosando tamén unha forte feminización da vellez.
- **A natalidade sofre un continuo descenso**, acorde á dinámica provincial. Pásase dos 331 nacementos no ano 2010 aos 251 en 2017.
- Prodúcese un cambio relacionado coas unidades familiares e as transformacións nas traxectorias vitais das mulleres, xa que existe un incremento de nacementos de nais non casadas, coherente coas tendencias dos modelos familiares cada vez máis flexibles, froito principalmente das conquistas en igualdade de oportunidades para as mulleres, pero que poden sinalar novos focos de vulnerabilidade e desigualdades aos que atender.
- Do ano 2010 ao 2018 **a mortalidade sufriu un aumento**, aínda que moderado, e a taxa bruta de mortalidade, que representa o número de defuncións por cada 1.000 habitantes, é maior entre mulleres que entre homes.
- En termos de migracións, a poboación actual de Oleiros presenta unha estrutura similar á de 2010. Tan só o **17% das persoas residentes naceron no concello**, mentres que o 54% son persoas nadas noutros concellos da provincia.
- Desde 2010 **medrou tamén a inmigración estranxeira**, representando o 11% da poboación total do concello. É maioritaria a poboación procedente de América, especialmente de Venezuela, seguida de Brasil e Colombia, sendo estas últimas moi feminizadas.

II Plan de IGUALDADE

Diagnose | Aproximación ás necesidades detectadas



• Mercado laboral

- A situación do mercado laboral no concello experimentou cambios significativos desde 2010, dándose unha representación por sexo máis equilibrada, **pero a situación aínda dista moito de ser equitativa e transversal**. Obsérvase que as fendas de xénero comezaron a incrementarse ano a ano desde 2014, situación que se reflicte, por exemplo nas taxas de afiliacións e de paro.
- No caso do paro, reduciuse o número de mulleres e homes en paro desde 2013, pero non así a fenda de xénero entre ambos sexos, que nos últimos anos se foi incrementando. **O paro non só afecta a un maior número de mulleres, senón que tamén lles afecta durante máis tempo**. Isto é, tardan máis en atopar emprego.
- A partir dos 35 anos as taxas de afiliación diminúen para as mulleres e aumentan as taxas de paro. Partindo de que nesta etapa presuponse unha maior carga de traballo de coidados e doméstico, tarefas que acaban recaendo nas mulleres, estas cifras son un indicativo de **como a maternidade supón un custo de oportunidade para as mulleres**.
- Continúa existindo unha marcada **precariedade laboral e unha baixa estabilidade**:

► Rexístrase unha porcentaxe moi grande de mulleres a tempo parcial ou con contratos de interinidade, algo que non ocorre no caso dos homes. Esta precariedade, en moitos casos, pode estar producida pola carga de traballo que recae nas mulleres dentro da esfera doméstica (a dobre xornada) e pola ausencia dunha conciliación e correspondencia efectiva.

► O alto número de contratos de interinidade e o baixo número de contratos indefinidos a tempo completo a mulleres é sinónimo da menor estabilidade laboral coa que contan as mulleres no Concello de Oleiros, o que trae consigo moitas consecuencias implícitas, como unha maior dependencia económica.

II Plan de IGUALDADE

Diagnose | Aproximación ás necesidades detectadas



• Educación, ensinanza e formación

- O alumnado de ensinanzas non universitarias do Concello de Oleiros está composto en maior proporción por nenos que por nenas, pero esta diferenza é unha porcentaxe lixeira que pode ser debida a dinámicas demográficas.
- En 2018 case o 75% do profesorado eran mulleres, situación que se asemella á observada no resto da provincia. Esta elevada **feminización do profesorado** ten que ver coa reprodución de certos patróns e roles de xénero propios da sociedade patriarcal. Isto é, o rol de coidados e de ensinanza foi asignado ás mulleres de xeito tradicional.
- Ademais das diversas accións que implementan os centros de ensino, dentro do programa municipal de actividades complementarias do Concello véñense ofertando de forma estable accións de sensibilización en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero. Polo que **o traballo en igualdade está presente nos centros de ensino**.
- A diferenza do que ocorre no conxunto da Comunidade Autónoma e a nivel provincial, **en Oleiros rexístranse uns valores moito menores de persoas analfabetas ou sen estudos, e unha porcentaxe superior de persoas con estudos de terceiro grao**.
- **Na formación de terceiro grao, existe unha porcentaxe máis elevada de mulleres**, o que se asocia ao maior acceso das mulleres á formación universitaria nas últimas décadas e ao seu maior éxito académico, algo que se ten producido nas xeracións máis novas.
- Respecto á formación para o emprego, segundo os datos da bolsa de emprego municipal, **todos os anos son maioritariamente mulleres as demandantes de emprego en idades comprendidas entre os 26 e os 45 anos**.

II Plan de IGUALDADE

Diagnose | Aproximación ás necesidades detectadas



• Saúde e benestar

- A nivel provincial, de 2010 a 2017 a esperanza de vida das mulleres ascendeu en case medio punto situándose nos 86 anos, mentres que a esperanza de vida dos homes ascendeu nun punto, pasando de 79,3 a 80,3. En termos absolutos, **a media da esperanza de vida entre mulleres e homes diferénciase en 6 anos**.
- Conforme os datos de defunción segundo a causa de morte na provincia, **ás mulleres aféctalles en maior medida enfermidades do sistema nervioso, endócrinas/nutricionais, trastornos mentais**, e do sistema circulatorio, xa que son enfermidades que causan a morte a unha porcentaxe superior de mulleres. Pola contra, **os homes padecen en maior medida, tumores e enfermidades do sistema respiratorio**.
- No que respecta á discapacidade segundo o sexo no concello, a maioría das persoas **cun grao de discapacidade de máis dun 64% son mulleres**.
- No que se refire ao benestar material, en Oleiros dáse unha situación diferencial entre mulleres e homes nas contías medias das pensións contributivas. Os homes perciben de media 331 máis que as mulleres ao mes. A fenda rexistrada amosa unha clara situación de desigualdade entre mulleres e homes da terceira idade.
- Os datos das pensións non contributivas mostran tamén diferenzas segundo o sexo. En 2017 o 69% das persoas que reciben unha pensión non contributiva son mulleres, e analizando as pensións non contributivas segundo o tipo, obsérvase que nas pensións por xubilación, arredor dun 80% son mulleres. Esta falta de retribucións económicas a través da seguridade social provoca que moitas mulleres non alcancen un número mínimo de anos cotizados.
- No caso da RISGA, desde 2010 ata 2018 como mínimo o 75% das ditax axudas son concedidas a mulleres, isto é un grande indicativo das maiores dificultades coas que se atopan, xa que a dita prestación é unha axuda mínima para a subsistencia.



• Violencia de xénero

- Entre os anos 2010 e **2018 prodúcese un incremento do 62% no número de denuncias por violencia de xénero recibidas no Partido Xudicial da Coruña**. Este incremento prodúcese, principalmente, nas denuncias efectuadas polas propias vítimas, destacando tamén o incremento nas denuncias interpostas por familiares. Esta evolución nos datos reflicte unha maior sensibilización e concienciación sobre esta problemática na contorna.
- Ademais, pese a reducirse o número de denuncias recibidas por partes de lesións, os datos da contorna apuntan a **unha maior implicación do ámbito sanitario** no Partido Xudicial da Coruña á hora de denunciar casos de violencia de xénero.
- Obsérvase tamén no Partido Xudicial da Coruña un incremento do 66,4% nas ordes de protección incoadas, aumentando un 186% no caso das ordes de protección incoadas a instancia das propias vítimas. Non obstante, vemos tamén que **a porcentaxe de ordes de protección denegadas aumentou entre 2010 e 2018, pasando do 39,5% ao 51,4%**.
- Segundo o tipo de relación, os datos amosan que **a solicitude de ordes de protección redúcese entre 2010 e 2018 entre as relacións de parella formalizadas e aínda non finalizadas, é dicir, entre cónxuxes**, mentres que aumenta no resto de categorías, o que pode ser un síntoma das maiores dificultades ante as que se atopan as mulleres con relacións estables e formalizadas para saír das súas relacións e solicitar protección.



• Participación social

- Oleiros conta cun importante tecido asociativo e que comprenden ámbitos como: a cultura, o deporte, a economía, a educación, ou a cooperación ao desenvolvemento.
- En relación á dimensión orgánica das asociacións participantes no estudo de diagnose, achouse que un 43,3% do total das asociacións entrevistadas teñen unha composición paritaria ou con maior presenza de mulleres. Pola contra, no 56,7% das xuntas directivas das asociacións, é moi habitual que a proporción de mulleres sexa de 1 por cada 5 homes. Estas diferenzas de participación visibilízanse segundo nos achegamos aos diferentes ámbitos de actuación das asociacións, atopándose resultados moi polarizados:

► Nas asociacións deportivas, só un 31,6% das xuntas directivas teñen unha presenza igual ou maior de mulleres respecto aos homes.

► Pola outra banda, nas asociacións de carácter cultural acontece o caso contrario; o 75% das asociacións teñen xuntas directivas con maior presenza de mulleres (onde ao redor de tres cuartas partes da directiva de cada unha das asociacións entrevistadas adoitan ser mulleres).

- Analizando as principais razóns sobre as diferenzas de participación social segundo o xénero, as percepcións das persoas entrevistadas sinalan o “tipo de actividade” como principal motivo xustificativo de tal situación, seguido (e en moita menor medida) de razóns para a conciliación familiar.

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



LIÑA ESTRATÉXICA 1

GOBERNO MUNICIPAL

OBXECTIVO XERAL

Incorporar a perspectiva de xénero na política e acción municipal

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (OE)

- **OE 1.1.** Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal.
- **OE 1.2.** Promover o desenvolvemento, coordinación e avaliación do II Plan de Igualdade.
- **OE 1.3.** Reforzar a comunicación das políticas de igualdade para poñer en valor o compromiso do Concello coa Igualdade.

- **OE 1.1.** Fortalecer e avanzar na incorporación da transversalidade de xénero para que estea presente en toda a xestión pública municipal.

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.1.1. Dotación de persoal técnico específico á Concellería de Servizos Sociais e Igualdade para fortalecer a área de igualdade e a incorporación da transversalidade de xénero en todas as estruturas municipais.	Servizos Sociais e Igualdade				
Indicadores de resultado					
■ Implementación da medida (si/non). ■ Perfil formativo da(s) persoa(s) contratada(s). ■ Funcións e accións desenvolvidas pola(s) persoa(s) contratada(s). ■ Número de consultas atendidas (desagregadas por áreas municipais, tecido asociativo etc.).					

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.1.2. Inclusión de cláusulas para a igualdade entre mulleres e homes na contratación municipal e nas subvencións.	Contratación, Recursos Humanos				
Indicadores de resultado					
■ Accións de capacitación realizadas para a inclusión das cláusulas sociais de igualdade de xénero dirixidas ao persoal técnico que xestiona as subvencións. ■ Número e tipo de procedementos de contratación pública, convocatorias de subvención ou convenios revisados e actualizados en cada área/e ou departamento. ■ Número, porcentaxe e tipo de procedementos de contratación pública que inclúen cláusulas de igualdade en cada área/e ou departamento. ■ Número, porcentaxe e tipo de subvencións que inclúen cláusulas de igualdade en cada área/e ou departamento. ■ Número de horas de asesoramento do persoal especialista realizadas. ■ Elaboración da guía (si/non). ■ Tipo de guía elaborada.					

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.1.3. Reorganización de todo o procedemento administrativo tendo en conta a perspectiva de xénero e a interseccionalidade.	Comunicación e Informática				
Indicadores de resultado					
■ Tipo de ferramentas de recollida de información nos departamentos municipais incorporadas. ■ Número de áreas e/ou departamentos municipais que integran a recollida de datos desagregados nos seus procedementos. ■ Número e tipo de programa informático de cada área e/ou departamento na que se incluíu a variable sexo/xénero.					

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.1.4. Inclusión da Lei de igualdade e contidos relacionados coa perspectiva de xénero nos temarios de oposicións e nos procesos selectivos para o acceso e provisión de prazas de persoal.	Recursos Humanos				
Indicadores de resultado					
■ Número de procesos de oferta de emprego público nos que se valorou como mérito a formación en materia de xénero. ■ Número de procesos de promoción interna nos que se valorou como mérito a formación en materia de xénero. ■ Porcentaxe de procesos selectivos de acceso, provisión e promoción de emprego na Administración que inclúen un temario específico e/ou probas de coñecemento sobre as políticas de igualdade.					

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.1.5. Promoción xeneralizada dun uso non sexista da linguaxe e das imaxes, tanto na comunicación interna como externa municipal.	Normalización Lingüística				
Indicadores de resultado					
■ Ferramenta de apoio elaborada (si/non). ■ Tipo de ferramenta elaborada. ■ Impresión da ferramenta de apoio (si/non). ■ Nº de copias impresas. ■ Nº de entidades ao que se lle entregou a ferramenta de apoio. ■ Difusión realizada á ferramenta de apoio (si/non). ■ Tipo de difusión realizada. ■ Referentes femininos visibilizados (si/non). ■ Revisión da páxina web (si/non). ■ Seccións revisadas. ■ Número e tipo de textos por departamento remitidos a Normalización Lingüística antes da súa publicación.					

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.1.6. Darlle continuidade á visibilización da muller ao longo da historia no ámbito urbano municipal.	Urbanismo. Obras Públicas, Parques e Xardíns				
Indicadores de resultado					
■ Implementación da medida (si/non). ■ Número de espazos públicos, rúas e prazas de nova asignación dedicados a mulleres.					



■ OE 1.2. Promover o desenvolvemento, coordinación e avaliación do II Plan de Igualdade

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.2.1. Articulación da participación do persoal técnico das diferentes áreas municipais para o impulso e coordinación do II Plan de Igualdade.	Servizos Sociais e Igualdade				
Indicadores de resultado					
■ Número de persoas participantes nas accións de coordinación interdepartamental (desagregado por sexo, idade, departamento municipal etc.). ■ Número de reunións realizadas en materia de coordinación e avaliación. ■ Número de accións desenvolvidas coa rede de colaboración interdepartamental. ■ Canles de comunicación entre os diferentes departamentos e cidadanía habilitados. ■ Nivel de participación na achega de suxestión e propostas (desagregado por áreas municipais e cidadanía).					

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.2.2. Difusión do II Plan de Igualdade entre o persoal técnico do Concello e a cidadanía.	Servizos Sociais e Igualdade				
Indicadores de resultado					
■ Número, tipo de accións de difusión realizadas e medios empregados. ■ Número de áreas municipais participantes nas accións de difusión. ■ Tipo de material informativo das accións realizadas difundido entre as distintas áreas e/ou departamentos.					

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.2.3. Establecemento do proceso de seguimento e avaliación do II Plan.	Servizos Sociais e Igualdade				
Indicadores de resultado					
■ Número de áreas e/ou departamentos municipais coas que se acordaron os criterios comúns para a avaliación das medidas. ■ Ferramenta deseñada para o seguimento e avaliación (si/non). ■ Grao de emprego da ferramenta para o seguimento das medidas de actuación. ■ Número de reunións de avaliación realizadas. ■ Realización dun informe anual de seguimento do II Plan (si/non). ■ Áreas e/ou departamentos municipais que colaboraron na elaboración do informe anual de seguimento do II Plan. ■ Difusión do informe anual (si/non). ■ Tipo de accións de difusión do informe anual realizadas.					

“Por un mundo no que sexamos socialmente iguais, humanamente diferentes e totalmente libres”.

Rosa Luxemburgo

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



■ OE 1.3. Reforzar a comunicación das políticas de igualdade para poñer en valor o compromiso do Concello coa igualdade

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.3.1. Difusión e emprego da imaxe de marca das políticas de igualdade.	Comunicación				
Indicadores de resultado					
■ Áreas e/ou departamentos aos que se distribuíu o distintivo.					
■ Tipo de soportes e estratexias de comunicación nas que se inclúe o distintivo (ou logotipo).					
■ Número e porcentaxe de áreas e ou/departamentos que empregaron o distintivo (ou logotipo).					

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 1.3.2. Revisión e potenciación das estratexias de comunicación empregadas.	Comunicación				
Indicadores de resultado					
■ Revisión, reorganización e actualización dos contidos da páxina web (si/non).					
■ Número e tipo de accións de difusión e comunicación realizadas en relación ao Plan.					
■ Número de áreas e/ou departamentos participantes nas accións de comunicación e difusión.					



II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



LIÑA ESTRATÉXICA 2

PARTICIPACIÓN SOCIAL NO CAMBIO DE VALORES E EMPODERAMENTO DAS MULLERES

OBXECTIVO XERAL

Promover unha maior implicación do conxunto da cidadanía para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria e contribuír a unha maior participación da muller en todos os ámbitos da vida pública.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (OE)

- **OE 2.1.** Fomentar a autonomía económica e unha maior participación das mulleres no mercado laboral.
- **OE 2.2.** Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade, contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa.
- **OE 2.3.** Fomentar a práctica deportiva das mulleres de todas as idades para promover un estilo de vida activo para a saúde e o benestar persoal.
- **OE 2.4.** Impulsar a integración da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades nos clubs e asociacións deportivas.
- **OE 2.5.** Impulsar unha maior participación do tecido asociativo na promoción dos valores da igualdade.
- **OE 2.6.** Fomentar a igualdade de xénero a través da sensibilización social e do ámbito cultural.
- **OE 2.7.** Fomentar a igualdade entre mozos e mozas e apoiar os colectivos LGBTQ+ nas Casas da Mocidade municipais.

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



■ OE 2.1. Fomentar a autonomía económica e unha maior participación das mulleres no mercado laboral

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 2.1.1. Facilitar os procesos de homologación e validación dos títulos de estudos de sistemas educativos estranxeiros das mulleres inmigrantes residentes no Concello.	Servizos Sociais e Igualdade				
Indicadores de resultado					
■ Número de mulleres que recibiron apoio e/ou información para a validación e homologación. ■ Número de títulos validados e homologados.					

■ OE 2.2. Continuar impulsando a coeducación de forma integral para a transmisión de valores e actitudes igualitarias, de bo trato e de respecto á diversidade, contando coa participación e a implicación de toda a comunidade educativa

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 2.2.1. Programación de actividades de educación en valores e de fomento da igualdade dirixidos ao alumnado de educación primaria e secundaria obrigatoria.	Ensino, Normalización Lingüística e Sistema de Bibliotecas Públicas				
Indicadores de resultado					
■ Número e tipo de actividades realizadas no marco dos programas de actividades municipais complementarias. ■ Centros e alumnado participante nos programas de actividades municipais complementarias (desagregado por sexo). ■ Temáticas traballadas co alumnado participante nos programas de actividades municipais complementarias segundo etapas educativas. ■ Número e tipo de actividades lúdicas realizadas polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais e o Servizo de Normalización Lingüística que promoven os valores da igualdade. ■ Número de alumnado participante nas actividades lúdicas realizadas polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais e o Servizo de Normalización Lingüística (desagregado por sexo). ■ Tipo de difusión das actividades educativas municipais realizada.					

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 2.2.2. Realización de accións formativas, e outras iniciativas en materia coeducativa, dirixidas ao profesorado dos centros de ensino das diferentes etapas educativas e ás familias.	Ensino, Normalización Lingüística e Sistema de Bibliotecas Públicas				
Indicadores de resultado					
■ Número e tipo de actividades realizadas dirixidas ás familias e ao profesorado e temáticas traballadas. ■ Número de participantes, familia e profesorado, desagregado por sexo. ■ Realización de campaña de corresponsabilidade (si/non). ■ Asesoramento aos centros de ensino (si/non). ■ Número de consultas realizadas polos centros de ensino. ■ Tipo de campaña e divulgación realizada. ■ Compilación de boas prácticas (si/non). ■ Número e tipo de boas prácticas compiladas. ■ Divulgación realizada das boas prácticas.					

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 2.2.3. Creación dun “glosario” con conceptos e temas clave para a incorporación da perspectiva de xénero nos programas formativos.	Servizos Sociais e Igualdade				
Indicadores de resultado					
■ Material elaborado e difusión realizada.					

“Eu non desexo que as mulleres teñan poder sobre os homes, senón sobre elas mesmas”.

Mary Wollstonecraft

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 2.2.4. Desenvolver propostas de mellora para a incorporación dos valores da igualdade e a diversidade de maneira transversal no conxunto dos programas educativos municipais.	Ensino, Normalización Lingüística e Sistema de Bibliotecas Públicas, Deportes				
Indicadores de resultado					
■ Número de actividades realizadas no ámbito educativo nas que se inclúe a perspectiva de xénero e visibilidade da diversidade. ■ Número e tipo de programas educativos municipais que se avalían/xustifican empregando indicadores de igualdade. ■ Número e tipo de indicadores empregados para medir a perspectiva de xénero e a presenza da diversidade nas accións realizadas.					

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 2.2.5. Deseño dunha campaña para estimular unha maior participación das nais e pais do alumnado nas asociacións educativas e nas actividades que promoven.	Ensino				
Indicadores de resultado					
■ Apoio proporcionado (si/non). ■ Tipo de apoio proporcionado nas estratexias de comunicación. ■ Asesoramento (si/non). ■ Número de consultas realizadas por parte das ANPA en materia de xénero.					

“Eu quero para min o que quero para outras mulleres, igualdade absoluta.”

Agnes Macphail

II Plan de IGUALDADE

Liñas estratéxicas e medidas do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros



Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 2.2.6. Continuidade dos proxectos interxeracionais que favorezan o intercambio de coñecementos e experiencias desde unha perspectiva de xénero e visibilicen o papel das mulleres da contorna (valores culturais e prácticas tradicionalmente asociadas ás mulleres).	Servizos Sociais e Igualdade				
Indicadores de resultado					
■ Número e tipo de actividades realizadas. ■ Número de centros participantes. ■ Número de persoas participantes (desagregado por sexo, idade etc.).					

■ OE 2.3. Fomentar a práctica deportiva das mulleres de todas as idades para promover un estilo de vida activo para a saúde e o benestar persoal

Medida de actuación	Área responsable	Calendario			
		2021	2022	2023	2024
OE 2.3.1. Mantemento e ampliación da oferta deportiva anual desde unha perspectiva de xénero, e das instalacións deportivas municipais	Deportes				
Indicadores de resultado					
■ Programación anual coa oferta deportiva (si/non). ■ Número e tipo de actividades realizadas para a promoción e divulgación da práctica deportiva dirixida ás mulleres. ■ Compilación de datos estatísticos desagregados por sexo e idade (si/non).					

